

TRADICIÓN E INNOVACIÓN



Galicia alcanza a cifra de 500 robots de muxido Lely

Lely continúa consolidándose como referente na modernización gandeira e cada vez máis clientes apostan polos Astronaut para automatizar o muxido nas súas granxas.

En Galicia, onde o verde dos prados se confunde co azul do ceo atlántico, a vida nas granxas cambiou para sempre. Alí, onde durante xeracións os muxidos se facían a man ou con vellas salas de muxido, hoxe máis de 500 robots Lely traballan en silencio, día e noite, muxindo vacas con precisión milimétrica e coidando cada detalle do seu benestar.

O robot número 500 non é só unha cifra redonda, é un símbolo. Representa centos de familias que decidiron dar un salto ao futuro sen deixar atrás a esencia do seu oficio. Gandeiros que creceron levantándose de madrugada para muxir, que coñecen cada vaca polo seu nome e que agora miran con abraio como eses mesmos animais acoden sós ao robot, sen estrés, coma se entendesen que a tecnoloxía tamén forma parte da súa rutina.

A serie Astronaut A5 de Lely é hoxe a protagonista silenciosa en moitas granxas galegas. Con ela, as vacas entran ao robot cando o precisan, reciben alimento mentres son muxidas e saen tranquilas, sen apuros. Ao mesmo tempo, o gandeiro recibe no seu móbil datos sobre a produción, a saúde e o comportamento de cada animal. “O que antes era intuición, agora son números

e gráficas que nos axudan a decidir mellor”, explican moitos deles.

Os cambios nótanse no día a día. Onde antes había horarios ríxidos e longas xornadas atadas ao muxido, agora hai máis tempo para outros labores, como preparar e mellorar a alimentación, coidar as instalacións e os animais, atender a familia... En palabras dalgúns gandeiros, o robot non lles quita traballo, senón que lles cambia as tarefas para mellorar o seu día a día. Deste modo, permítelles estar máis pendentes do que importa: as vacas e as terras.

Pero isto non foi un camiño fácil. O investimento inicial dun robot é elevado e esixe confianza tanto no futuro coma na marca. Por iso Lely sempre vai

da man dos gandeiros; tamén hai un período de aprendizaxe, tanto para as persoas coma para os animais. Moitos lembran os primeiros días, cando había que acompañar as vacas para que perdesen o medo, ata que, pouco a pouco, comprenderon que o robot era un aliado. Hoxe, esas escenas son recordos de transición cara a unha rutina máis tranquila e produtiva.

Os beneficios dos robots de Lely son palpables: máis litros de leite por vaca, mellor calidade do produto e maior benestar animal. En Galicia, onde o leite é parte da identidade cultural e económica, superar os 500 robots significa que unha parte importante do sector decidiu apostar pola innovación como camiño para asegurar a súa continuidade.



Este fito fala de números, si, pero tamén de historias humanas. Historias de familias que miran cara adiante, que se apoian na tecnoloxía para seguir coidando dos seus rabaños e dunha paisaxe que forma parte da alma galega. Porque, ao final, máis alá dos robots e das estatísticas, a gandería segue tendo rostro humano: o de homes e mulleres que, entre tradición e modernidade, sosteñen cada día a vida no campo.

LELY ASTRONAUT A5 NEXT

A previsión non deixa de ser sorprendente e o novo Lely Astronaut A5 Next vén, se cabe, para mellorar aínda máis o logrado polos seus antecesores. O novo robot da firma holandesa chega para consolidarse no mercado cando xa se empezan a instalar as primeiras unidades en Galicia.

O Next dota o Astronaut de maior precisión e de máis facilidades para os gandeiros grazas a un novo software, o AOS-2, que optimiza o seu funcionamento e faino máis eficaz.

GRANXA PUMAR

O robot 500, instalado recentemente no concello de Val do Dubra (A Coruña), na parroquia de Buxán, é propiedade da gandería Pumar. Esta granxa conta ademais cun Lely Juno Flex e cunha amantadora Lely Calm.



O FUTURO DE LELY EN GALICIA

Conseguido o fito das 500 máquinas en muxido, as miras de Lely e Agrotec Entrecanales, distribuidor da multinacional holandesa en terras galegas, están postas no futuro.

Nuns anos onde a robotización case se converteu nunha necesidade e a fiabilidade das máquinas facilita o traballo diario, a cifra de robots de muxido non deixará de aumentar e aí é onde Lely seguirá ampliando a súa cota de mercado. Cunha distancia sobre o resto das marcas no mercado, Lely é, foi e será un referente para a automatización das ganderías de leite na comunidade galega.

UN OBXECTIVO CLARO: MÁIS DE CEN ROBOTS AO ANO

Para Agrotec Entrecanales, Galicia é un eixe fundamental a nivel nacional e é por iso que cada día máis xente forma parte do cadro da empresa, o que garante que as máis de cincocentas máquinas en muxido estean sempre a punto e funcionando.

Agrotec ten un obxectivo claro e ambicioso en Galicia: instalar cada ano máis de cen robots. Este fito seguramente se superará con moita diferenza neste 2025 e agárdase que a cifra siga crescendo co paso dos anos. ■



O seu Lely Center local daralle máis información sobre este fito no muxido.

Lely Center Los Corrales	+34 606 022 405
Lely Center Outeiro	+34 671 646 745
Lely Center Aizoain	+34 676 182 349
Lely Center Trazo	+34 685 117 350
Lely Center Vila Nova	+351 227 538 339

